

Durante o mes de febreiro todos os alumnos e alumnas do IES de Viós podedes gozar da exposición con **A de Astrónomas**, da Sociedade Española de Astronomía (SEA).



## CON A DE ASTRÓNOMAS

Coa axuda de trece paneis explicativos, a exposición percorre de xeito ameno e didáctico, os principais feitos na historia da astronomía, dende a perspectiva das mulleres que os fixeron posibles. Son por exemplo, *Aglaonike* que predecía eclipses de Lúa na Grecia Clásica, ata *Carolina Herschel* que descubriu cometas e estudou as estrelas binarias no século XVIII.

Pero tamén moitas investigadoras que na actualidade sinalan o futuro desta ciencia. Unha delas, *Josefina Ling*, da USC (Universidade de Santiago de Compostela), comisaria da exposición e que facilitounos a posibilidade de traela a Viós.

Continuamos así coas actividades relacionadas coa **ASTRONOMÍA** que o noso centro desenvolverá durante o presente curso escolar.



*Benvido ao mundo da Astronomía!!!*

*Estás preparado para coñecer e descubrir os segredos que esta  
exposición vos agocha???*

*POIS.... ADIANTE!!!*

*.... PREPÁRATE PARA COMEZAR...*

Lembra escribir aquí o nome dos membros do teu grupo:

- 1.- Cal é a estrela máis próxima á Terra e cal é a súa distancia?
- 2.- Cal foi a astrónoma quen de predicir as eclipses de Lúa?
- 3.- Cales son os planetas rochosos e de que están formados principalmente?
- 4.- En que ano se descubre o planeta Neptuno?
- 5.- Cal é a temperatura do Sol na súa superficie? (Expresa o resultado tamén en °C)
- 6.- Quen foi a astrónoma que formou parte do equipo que determinou a órbita do cometa Halley?
- 7.- Que tipo de reacción ten lugar no interior dunha estrela?
- 8.- Despois do Sol, cal é a estrela máis próxima a nos?
- 9.- En que ano se atopou a relación entre a cor das estrelas e a súa luminosidade?
- 10.- Cando se formulou a teoría Xeral da Relatividade?
- 11.- Cal é o radio do Sol? Expresa o resultado en notación científica.
- 12.- En que ano Galileo descubre os catro satélites de Xúpiter?
- 13.- Que significa que o universo pareza que está en "expansión acelerada"?
- 14.- A novela "Contact" de Carl Sagan, en que astrónoma está baseada?

15.- Cal foi a primeira muller que obtivo un doutoramento e o posto de catedrática na Universidade de Harvard?

16.- Como nacen as estrelas?

17.- Na actualidade, que porcentaxe de universo se cre que está feito de materia escura?

18.- Que é unha galaxia?

19.- Inflúe a temperatura da superficie dunha estrela na súa cor? Razo a resposta.

20.- Que é a Vía Láctea?

21.- Quen foi a descubridora do feito de que as estrelas que están na parte central dos discos das galaxias se movan á mesma velocidade que as que están nos seus bordes?

22.- Cando se descubre a Próxima Centauri?

23.- Quen foi a primeira Cosmóloga da historia?

24.- En que se transforma o hidróxeno que teñen as estrelas no seu núcleo? Ten lugar entón nelas unha reacción química?

25.- En que ano Rosalía de Castro aportou o seu grao de area á ciencia coa súa obra "Desde los cuatro puntos cardinales"?

26.- En qué século se inventou o telescopio?

27.- Quen foi a primeira muller licenciada en ciencias e en que ano foi?

28.- En que se emprega o material expulsado polas estrelas ao final do seu ciclo vital?

29.- Para que se empregaba o astrolabio?

30.- Que país foi o primeiro no cal as mulleres tiveron dereito ao voto e en que ano?

31.- Indica dúas películas inspiradas no Universo e os seus obxectos.

32.- Indica en que ano se inaugura o maior telescopio óptico do mundo e onde está situado?

33. En que ano se lanza o telescopio espacial Hubble?

34.- En que ano se fotografía por vez primeira a Lúa?

35.- En que ano se permite o ingreso das mulleres nas universidades españolas?

36.- En que ano se descubre Urano?

Cal é a túa opinión sobre a exposición? Cres que ao longo dos tempos todas estas mulleres astrónomas o tiveron fácil para poder chegar a facer todas as investigacións? Por que?